

O Concello de #Gondomar pecha o II Campus de fútbol de As Cercas cunha entrega de diplomas.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 08 Agosto 2015 10:24



Ducias de cativos e as súas familias participaron xunto cos monitores do peche do II Campus de Fútbol "As Cercas". No acto recibiron de man do alcalde Francisco Ferreira un diploma acreditativo da participación nestas aulas deportivas do verán.

O rexedor amosou a súa satisfacción pola presenza no acto dos dous presidentes dos clubs de fútbol de Gondomar, José e Fonsi; así como pola presenza da Secretaría para o Deporte da Xunta de Galicia.

O alcalde e a concelleira de Deportes local, Nuria Lameiro agradeceron especialmente ao equipo de monitores que estivo a cargo do campus.

O Concello de #Gondomar pecha o II Campus de fútbol de As Cercas cunha entrega de diplomas.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 08 Agosto 2015 10:24

